

*Testamento*  
*do*  
*Burro do Pedrito*

*Laza, 4 de Marzo do 2.003*

Vexo que viñestes todos  
Bra escoitar o testamento  
Pro denantes de empezar  
Imos logo facer recuento.

En representación do clero  
O cura don Luís Romero  
Alí están os concellais  
E o alcalde García Morais.

Non veu a reina Sofía, ben sei,  
Pero veu o Pedro do Rei  
E do goberno anterior  
A neta do gobernador.

¿Da garda civil tamen veu?  
O Serafín do Eliseu,  
Da cofradía do solteiro  
Aí está o José Cesteiro.

Mulleres, homes, rapazas,  
Vellos, mozos, meniños  
O Carroucas o Moreno  
O Morañas e o Delfín do olliños.

E aquí un servidor  
Para pedirvos un favor,  
Se algún se vai enfadado  
Que me alume cun arado  
Senón que cale pra sempre  
Que eso é o mais prudente,  
Tomamos uns vasiños  
E quedamos tan amiguíños,  
Que pra andar de guerra en guerra  
Cun tal George Bush xa nos chega.

E así imos empezar  
Que xa vai durmir o galo  
Este ano temos burro  
Pro pensei non atopalo.

Morreulle un burro moi bo  
Ó Pedrito do andaluz  
Tiveron que liquidalo  
Que andaba mal de "salu".

Nin por xordo, nin por cego  
Nin por coxo, nin por chosco  
Acabáballe ó Pedro  
Cos chupa-chups do quiosco.

E despoixa por a noite  
Non podían descansar  
Tanto doce que comía  
Non paraba de esporear.

Ai que burro tan lambón,  
Xa o dicía a tía Trini  
Tiña a roupa a raiar  
E papoume ata o bikini.

Cando marchaba o Pedrito  
Ninguén se quería facer cargo  
¿E logo quen me vai co burro?  
Todos facían o parvo.

Entón que José Manuel,  
¿Coidasme ti do lambón?  
Saca, saca, hoxe non podo  
Teño viaxe co camión.

Houbo que dar cabo del  
Quedou tirado na leira  
O Pedro bailou sevillanas  
E a Maruja a muiñeira.

Vámolo pois repartir  
Ós cachos como está mandado  
Que lle faga bo proveito  
A quen probe algún bocado.

Pro denantes de tronzalo  
Imos repasar na praza  
Que pasou ó longo do ano  
Na ilustre vila de Laza.

-----o-----  
Que pra coidar a facenda  
Teñamos veterinario  
E nos que esteamos peor  
Que fai uns corenta anos  
Sen medico aquí no Pobo  
¡Tamén che manda carallo!.

Que teñas que ir ó hospital  
Ó lombo ca perna rota  
E en vez de arranxarche a mala  
Que che esfarrapen a outra.  
"Si te he visto no me acuerdo"  
¡Esto mándache recontra!.

Que a xente escape pra fora  
Por non haber mais traballo  
Que acomodar catro pitas  
Ou calcarse nun arado  
Para destripar uns terróns,  
;Eso róncale o carallo!.

Que os noso fuxan de aquí  
Co rabeco entre o cucuíño,  
Si a esto lle chamamos pobo,  
;Entón manda caralliño!.

Que non se vexa xuntanza  
Por que a ninguén lle da a gana,  
Ou por levar a contraria,  
;Manda carralo na Habana!.

Como os moros de Retorta  
Escornades entre vós  
Diredes e a ti que che importa  
;Esto mándache collóns!.

Que meu Laza non arranque  
Por que temos pouco listo  
E teñamos que escoitar  
;Por aquí non pasou cristo?,  
Ter que a cabeza agachar,  
;Tamén che manda recristo!.

Que che digan, ¿elo que,  
O pobo vai progresando?  
e te estes dando de conta  
que se están cachondeando  
ou te cagas no carallo  
;Ou senón calar e andando!.

Que si vas a pedir algo  
;ven maña que non está!  
Vas pasado e está ocupado  
Que recoiro hoxe non poido  
Como dice o Romaneiro,  
;Tócalle o carallo ó Entroido!.

Que teñamos que tragar  
Cal se foras un lácalle  
Que te manden e a calar  
E a correr igual ca un raio  
Como dixo o Luís Cárrecho  
;Bueno eso, eso o carallo!.

Aínda que todas as vellas  
Me chamen dexenerado  
Quédanme no repertorio  
Catrocentos un pecado.

E por que me dixo o cura  
Que me ía escomulgar  
Que si me tiran do xenio  
E si me da por falar  
Estou cagando sentencias  
Ata as catro da maña.

Con tanta porcallada  
E con tanta caganeira  
Habería para esterrear  
Toda a praza e a Ribeira.

Cando collo "carretilla"  
Non teño a boca calada  
E o meu lado a tía Ardeira  
Évos unha afeccionada.

-----0-----

Primeiro foi o URQUIOLA  
O CASÓN e o MAR EGEO  
Agora veu o PRESTIGE  
Pois que siga o cachondeo.

Ben o digo ano tras ano  
Espertade, ¿é que non vedes?  
Queriades ter "prestigio"  
Pois entón aí o tedes.

Don Paco" Galego ilustre "  
Xa nos fixo tururu  
E agora tamén estes  
Veñen darnos por o cu.

;Atención Moncloa,  
Hai un barco ós biosbardos!  
Si leva fuel, para os galegos  
Que estes son medio parvos.

Especies en extinción  
Nas costas da Coruña e Lugo,  
O Fraga que é un merluzo  
E o Aznar que é un besugo.

Deixaron nos sen percebe  
sen mexillón e sen boi  
pro quedounos un bo peixe  
que lle chaman o Rajoy!

Son "pixixi", aposto o gañote  
Que comin un mexillón  
E non sabe a chapapote,  
MMMMINTIROSO!.

Sisasasasaglisi isiaglisisisisasa  
Non pensedes que estou louco  
¿Vos entendedes lle algo?  
Bueno, pois eu tampouco.

Con esto queda ven claro  
Que entre o honor e o diñeiro  
Para estes lambóns do nabizo  
O segundo é o primeiro.

Entón solo por o gusto  
Pra que usen a cabeza  
E así recapaciten  
Voulles votar unha peza.

*De Carnota ata Muxía  
Percorrendo toda a ría  
Vai un barco navegando*

*Cala coño, xa o sabía  
Mira tú que tontería  
Algo negro vai soltando*

*Vota chapapote fora  
E don Manuel está en Zamora  
Mentres tanto foi á caza o condenado.*

*Pero entón veu o Rajoy  
Tranquilitos que aquí estoy  
No se apuren que lo tengo controlado.  
Que chapuza, que negado.*

*Asereje ja deje  
Que el barco se hundiera y ahora que  
Que heavy tu que heavy ni una xouba  
Mecachi to the boogye, me cortan el pipi.*

*Asereje ja deje  
Glis glis glis glis glis gsa gsa glis si si se  
Me traigo a Bustamante de cona-andante  
Y pongo de vigia a don Manue.*

*Asereje ja deje  
Pero yo lo controlo, me cago en "die",  
En cuatro o cinco dias las cofradías  
Estan pescando peces a tutiple.*

Entón a xente da costa  
Dende Vigo a Corcubión  
Vendo tanta trapallada  
Cantáronlle esta canción.

*Que lo detengan  
Que es un mentiroso  
Malvado y peligroso  
Que coño va a controlar.  
Marianito, a tomar por culito  
Agarra el caminito  
anda vaite a cagar.*

-----0-----

Estou cabreado co alcalde  
E tamén coa corporación  
Esta vez non levan nada  
Nin sequera un cagallón.

Ó chegar mirei pro arco  
Quedoume cara de idiota  
Por que mandaron tronzar  
O arboriño da picota.

Testigo de tantos feitos  
Aquí non hai sentimentos  
Viu nacer os nosos fillos  
E morrer ós nosos vellos.

Fan como os do chapapote  
Serán da mesma cuadrilla  
Vai ter razón o refrán  
"De tal palo tal astilla".

-----0-----

Manda carallo na habana  
Este pobo tenche tela  
O alcalde cortounos o arbol  
Pero temos autoescuela.

Si, ¿e logo non o sabedes?  
O Pepiño do Ferreiro,  
Autoescuela do JOSE  
Para coches sen carné.

O Celso mais a Lolita  
Seica o fan fenomenal  
E andan pegando tronpos  
Por o campo do toural.

O probiño carricoche  
Como se monten os tres  
Catrocentos vinte quilos  
Vai quedar como un tres pes.

-----0-----

Imos encetar o burro  
Que era carne de bo xeito  
A todo aquel que lle toque  
Que lle faga bo proveito.

Empezo co cabeceiro  
É pro Moncho e pra María  
Que llo poñan o cabalo  
Que compraron o outro día.

Caeron os dous do macho  
Levaron un bo morrazo  
O Moncho jodeu un huevo  
E a María rompeu un brazo.

Despois andaban dicindo  
Pra que ninguén o soubera  
¿E logo que pasou María?  
Nada, caín na bañera.

Sáíche fino o Monchiño  
Parecía medio mouco  
Mira o capital que fixo  
E traballando tan pouco.

Seica lle pediu ó Fraga  
Non sei si será verdad  
O título nobiliario  
De Conde de Matamá.

Xa di o Manolo Calchano  
"Que Santo Cristo nos valga  
Catro coches e un cabalo,  
Parecen os duques de Alba".

-----0-----

O Ñuco de Souteliño  
Tráeme a cabeza tola  
¿Dáme un cachiño do Burro  
Aínda que sexa a pirola!

Pois carallo aí a tes  
Esta tallada tan fina  
Pero ala de esconder ben  
Que non cha vexa a Isolina.

Garda con coidadiño  
A ver se che sae mal  
E se entoxa da do burro  
E te manda pro curral.

Sempre que topo con el  
Dime que foi como un lobo  
Non houbo mozo tan quente  
No contorno deste pobo.

Pero os anos van pasando  
Non se pode remediar,  
Agora cúmprenlle as tres pernas  
Para non afociñar.

Entonces amigo Ñuco  
Vamos logo a negociar  
Douche a pirola do burro  
E tes outra onde apoiar  
¿non te queixaras do trato?  
Se antes tiñas tres pernas  
Pois agora entón tes catro.

-----0-----

E ó Rubes que lle ei dar?  
O rabo teño gardado  
Pois contoume un paxariño  
Que nos anda namorado.

Logo, ¿quen é a afortunada?  
Preguntei no Tempaido  
É Doña Carmen a medica  
¿boa moza e bo partido!

Seica vai todos os días  
A consulta o condenado  
¿Téñolle un mal doutora  
Que me ten moi preocupado!.

¿Y "luejo" que tienes Rubes,  
Que tanto te hace sufrir?  
Unha cousa aquí entra as pernas  
Que non me deixa durmir.

Pero hombre, pero hombre  
Tu no ves que no es nada  
Eso te metes en cama  
Y la frotas bien frotada.

Apuntate la receta  
Que te boy a dar remedio  
Te abres bien la bragueta  
Y la agarras por le medio.

Despoixa con coidadito  
No se te vaia a olvidar  
Como dice en el prospecto  
Agitese antes de usar.

Le das unos remeneos  
Cara arriba y cara abaixo,  
Si no quieres con la mano  
La frotas cun estropajo.

Cuando este bien remejida  
Que ves que lla estas servido  
Ten coidado que cirricha  
E igual te pone perdido.

Despois iras observando  
Que se desinfla y no medra  
Te metes entón en cama  
Y dormes como una pedra.

A cara do burro logo  
Este ano é para a Eva,  
Pro que non vaia pensar  
Que lla vou a dar por fea.

É que o Adan anda dicindo  
De que vai a dimitir  
Moito andou a picar nela  
Pero non a fixo rir.

Dime nena a quen saíches  
Díxenlle eu! Tan ben feitiña?  
Ela entón mirou pra min  
E respondeu moi saladíña,  
-Pois a metade ó Caneiro  
e a outra meta á Benitiña.

Aí!, se saíra ó Canteiro  
Habíache ser unha pena  
No santo cristo de Eva  
E no Entroido ca morena.

A lingua esta axudicada  
É para a Celia do Chiste  
Que a veña a recoller  
Espero que non se despiste.

Parece que un día o xenro  
Lle trouxo un can de León  
O can escapou da casa  
E non atendía a razón.

Canto máis chamaba por el  
Menos caso lle facía  
Ti-ti toma ven eiqui  
E o cadelo mais fuxía.

Recarallo! Dixo a Celia  
Ou me meteron o pego  
Ou como veu de León  
Non entende o Galego.

Entón contestoulle o Luís  
"Pos lo tienes en tu mano"  
Cágate en quen o pariu,  
Pero faino en "castellano".

O cu voulo dar ó Zoilo  
Que lle a facer ilusión  
Que unha noite puxo os chocos  
E cagou no pantalón.

Aí no bar do Cheche  
Foi deixando todo o rastro  
Quen se encargou de estendelo  
Foivos o do Mantarrastro.

Detrás entrou o Gigi  
E ó percibir o fedor  
Dixo, ¡carallo Amoroso!  
Que ben cheira o ambientador.

Non deixo ó Martín do Chinca  
Sen un cacho do pescozo  
Que hoxe fai 60 anos  
Que durmiu no calabozo.

Por poñer o Peliqueiro  
Levárono pro cuartel,  
Como dixo a Carolina,  
E bailou co coronel.

Á Norita doulle cincha  
Pra que amarre o flotador  
E non lle salgan as chichas  
Por a zona de estribor.

Agora uniuse á pandilla  
Das que van á natación  
E contan as compañeiras  
Que é a escojonación.

Dicíalle a tía Norita  
A Carmiña de Cimadevila  
Aquí non se aguanta o frío,  
congelaseme ata "Jrila".

-----0-----  
E para eses homes casados  
Entre a xente camuflados  
Ouveando de reollo  
Haber si atopan un chollo  
Pra ir cheirar á palleira  
Ou fozar nunha maseira  
Que cando ven un escote  
Estíraselle o gañote  
Remelando eses olliños  
Cando miran pros cucuíños,  
Pechan os ollos soñando  
De que os estan magreando  
e ó espertar dese soño  
abren os ollos e, ;coño!  
Diante da súa faciana  
Atópanse unha fulana,  
;carallo, é a parenta!  
E non ven nada contenta,  
Firme igual que un sarxento  
Fai que se pon contento.  
;con quen soñas amiguiño?  
Con quen vai a ser cariño,  
Pensa por dentro ;que pena!  
Marcha para ala, ballena,  
Vixiando o cu do angazo  
Por si lle solta un morrazo,  
Ela dille ;pra casiña!  
El agacha a cabeciña,  
E arranca por tras dela  
Pensando,;é ben cadela!  
Rezándolle ós santiños  
A ver si cae de fociños,  
Cando xa entrarón na casa  
Dille de chulo, ;que pasa!,  
Ela remángalle a escoba  
E o probe leva unha xoba  
Que queda alí derreado  
Sen cena e inda mal pago.  
Si fora pouco o que cobra  
Co barullo esperta a sogra,  
E aparece a condenada  
Cunha estaca levantada,  
Cando ve vir o lareiro  
Xa o ten pegado ó ombreiro,  
Aínda que ela non é nova  
Salta nel como unha loba,  
Como arrastro por as rúas

Espendellano entre as dúas.  
Arranca quente pra cama  
Como manda a súa ama,  
O peor está por vir  
Por que aínda ten que cumprir,  
Díos queira que quede farta  
Senón retórcelle a gaita,  
E estirado como unha cobra  
Dorme entre a muller e a sogra.  
O día que comen pucheiro  
Atúfano con tanto peido,  
E así día tras día,  
El dice, eu xa o sabía.  
Deste xeito, a saber,  
Home casado non e nin muller.

-----0-----  
Agora ataco ós solteiros  
Ó Lauras e ó Pepe Ferreiro  
Ó Dodo e ó Paco do Milo  
Ó Cardolas e ó Mariano  
E cerro co Paquiño Quilo.

Con estes sete acabouse  
Non hai recomendacións  
Senón despois non me cadra  
O repartir as racións.

Se lle falas do casorio  
Non queren nin escoitar  
E veredes as escusas  
Que poñen pra non casar.

Dice o mariano, cos curas  
Aprendín o celibato  
E agora de vez en cando  
Non me funciona o aparato.

Quita prala, di o cardolas  
Mira ti con que me ves,  
Prefiro montar na moto  
Que montar nunha muller.

Bueno carallo, di o chinca  
Pra que quero comer carne  
Si teño a carnicería  
Que xa me saca da fame.

-Cando monto no tractor  
Aperto a palanca a fondo  
Non che ai femia, dice o Quilo  
Que me poña tan cachondo.

-O Dodo: por miña conta  
Non che teño noveda  
Nestas cousas do casorio  
Fago igual que a miña irma.

-Pra que me vou complicar  
Ou que me aperten a gorxa  
Di o Pepiño, se fai frío  
Baixo e quéntome na forxa.

-Non faledes de casorio  
Non me toquédela cona  
Dice o lauras, pra desgustos  
Xa me chega o Barcelona.

Pois fáltame un que non é  
Nin solteiro nin casado  
A ver onde meto ó cura  
En todo este fregado.

Por debaixo da sotana  
Tamén leva pantalón  
E no medio desta veceira  
Non faría mal castrón.

Doulles entón o fociño  
Pra que non perdan o cheiro  
E así atopen ás mozas  
E non se queden solteiros.

Algúns quédanse curtos  
Outros cumpren con creces  
Estes non casan nunca  
i-eu afociñei dúas veces.

Esto é pra que non faledes  
Eh!, Como bota el o sermón  
Dice os pecados dos outros  
Pero os del non dice non.

-----0-----  
Ás moziñas, Deus me valia  
Aínda non sei que lle dar  
Sexa moito ou sexa pouco  
Pero algo han de chupar.

Agora non é como antes  
para ensinar unha canela  
Pedíanlle audiencia ó papa  
E permiso a súa abóela.

Non había discotecas  
Ós bares non ían siqueira  
E pra veres ás rapazas  
Tiñas que ir a unha lareira.

Algúns, os que eran mais finos  
Aproveitando o barullo  
Deixaban de lado á moza  
E marchaban cun bandullo.

Beber ningunha bebía,  
O cigarrillo nin velo,  
E si tiña algún apaño  
Sabíanche ben escondelo.

Entre toda esa veceira  
Algún animal sempre hai  
Si a rapaza non araba  
Entón atacaba á nai.

Pro agora son outros tempos  
E cando van pasar á acción  
Xa che van ben preparadas  
Levan elas o condón.

Ese anaco que lles gusta  
Doullo as mozas entón  
Non sexades mal pensados  
Refirome o corazón.

E non deixedes que os pais  
Anden tras de vos con ollo  
Senón os mozos van pensar  
Que ou sodes parvas ou choio.

-----0-----  
Ó Ñico do tío Romero  
Algo lle teño gardado  
Preso veu de Nova York  
por se lambía un bocado.

Pero houbo quen me dixo  
Aténdeme xa veras,  
Que o Ñico volveu a Laza  
Pra ver se casa ás irmas.

Pregunteille entón á Rocio  
Se había algo do trato  
Contestoume ¿eu o altar?  
No lo veras "mantecato".

Quita, quita dice a Mari  
Non é por facer desprezo  
Que Pra aturar rapaciños  
Xa me chega no colexio.

A Carmiña por súa conta  
Dixome a moi atrevida  
"estou casado con Díos,  
e con eso estou servida".

Aí tes as costelas Ñico  
Que che é moi bo bocado  
Si a Carme casou con díos  
Reparte co teu cuñado.

De paso que vas pra América  
Leva un abrazo e "salu"  
E diceslleme ó George Bush  
Que vaia a tomar por o cu.

Ou senón traelo ó Entroido  
Como lle gusta o estropicio  
Montámolo entón no burro  
A ver se así lle pasa o vicio.

Canto che me ía alegrar,  
Como dice a do Carrizo,  
Que lle metera ó baixar  
Unhas couces do nabizo.

-----0-----

Neste distinguido pobo  
Adoitabase, decote,  
A non chamar por o nome  
Por que todos tiñan mote.

Pero a xentiña de agora  
No sei en que pensará  
Para chamarlle a alguén cacique  
Chámanlle Moncho de Matamá  
Os rapaces son o demo  
Sabe Dios por que será.

É que antes compañeiros  
Serían mais animais  
Pero tiñan mais enxeño  
E eran mais orixinais.

Vindo por a calle arriba  
Trazando entón unha liña  
Veredes os motes que había  
Dende o couto á cerdeiriña.

Empezando por abaixo  
Entre unha leira de grelos  
Atopamos unha casa  
A que era dos XIRELOS.

Un anaco mais para acá  
JUANITO BARALLO e PIEDA  
E na casa do MULIDAS  
Tres mozas moi presumidas.

Se perdías unha cousa  
Fora certo o fora broma  
Tiñas que oír o responso  
Que botaba a CARRAPONA.

Deixando a tía Generosa  
Revolvendo para veira  
Estaba a señora Amparo  
Refírome á CEREIXEIRA.

Arreando pro Quintairo  
Antes de pisar a aira  
Habítaba a tía PACHINA  
E tamén a tía CAIDA.

No alto do jaravito  
A casa do tío RITO  
Na meta do parapeto  
Atopábaste co CHETO.

Baixando o camiño escuro  
Era casa do CAZURRRO,  
E pegado á mesma finca  
Habítaban os do CHINCA.

non fai falta que o diga  
no recanto a tía RODRIGA  
PACHIN e LLONA no fondo  
Arrimado ós do REDONDO  
E tumbados nun escano  
O LIXEIRO e o CALCHANO.

Camiñando cara abaixo  
Unha xentiña moi boa  
Os do FORXO, as BACELAS  
O PELONA e os do TOA.

CAHFURRITA por un lado  
E o CHENDE pro rebes  
TUTO, CIROLO, VICI  
REMESALAS e TO

Cada un por súa esquina  
Facendo escolta ó cruceiro  
SAPO, CANTO, PIROLETE  
LACHE e tamén ERDEIRO.

Por u lado a ARDEIRIÑA  
E os MORAIS mais acá  
Por o outro as CARABUÑAS,  
O CACHELO e o RACA  
Pra non desfacer o roto  
O señor CUSPE NO BOTO.

No recanto a CELANOVA  
Todos ben apretadiños  
A NACHA os PORTUGUESES  
E como non os OLLIÑOS.

Para chegar á dos tumbas  
A JAPOXA, penso agora  
Escoltada por o CUCO  
E a MANUELA CACAFORA  
Vixiándolle os cadrís  
Refungaban os do QUIS.

Arrancando para picota  
Atopamos nos coas GUERRAS  
O SR RAMON POETA  
No cuartel as CIVILERAS  
E tocándolles o nabo  
Estaba o Sr ESCLAVO.

Xa na praza a FARRISQUETA  
Os BARXAS, GOBERNADOR  
CACHORRO, FOLEPA, ROMERAS  
E o pendello do FERRADOR.

Botándolle millo ás pitas  
Cunha lata media rota  
Andábache o JUAN BADANAS  
Fronte ó Café da Picota.

Arrancando calle abaixo  
De camiño cara o Outeiro  
Atopabas ó PAJERO  
ó CORREO e ROMANEIRO.

Revirando cara un lado  
Xa moi cerquiña da escuela  
O PILOCA a LICUTA  
E a señora TATIJUELA.

O HERMIDA cas galletas  
Ai ó lado do arco  
Co CARRECHO e TABAQUEIRO  
Ó outro lado do CHARCO.

Cara o recanto de barrio  
Catro pezas que non vexas  
CHIRINOLAS, BARCELONAS,  
O PERITO e FIREIREXAS.

Camiño da cerdeiriña  
Case rematando o Outeiro  
Por un lado o tío FASQUE  
E por o outro o CEBOLEIRO.

Co XOGOPORCO cos CHAPAS  
Co PORTAJERO o panadeiro  
E con todos os COELLAS  
Décimos lle adios ó Outeiro.

Xa collendo calle abaixo  
De fronte á tenda da CHON  
Vivía o FCO XEGURA  
Marxeando co OBREGON.

Por riba do pozo o CARRIZO  
MORENITA e mais CRIEZ  
Este pegado ó CHANQUIÑAS  
E por un se acaso o XUEZ.

Nunha casa pequeniña  
O PELA e a tía ANXELIÑA.  
Pra facer bo matrimonio  
Con todos os do PACOMIO.

Collendo o coio de xeixo  
Encontrabas as dúas maus  
GALANDIÑO, ROXA, VIOUCHA  
MANCO, TABU E SARREAUS.

Non pensedes que e capricho  
Que non me esquezo do BICHO  
Nin da aira coa súa meda  
Nin tampouco do RABEDA.

Nunha eira o RECARI  
E na outra as BARREALAS  
Do outro lado a CHALAMENCA  
Os CHISTES e as CAPORALAS.

Alí andaba o BARAPANA  
De fronte ó forno do pan  
Tamén O OCHO , O LECO  
E o Sr JUAN CHACORRAN.

So me quedan dúas casas  
Pra remate do trazado  
Unha era do ITALIANO  
E a outra do CUADRADO.

DOS CEN MOTES QUE CONTEI  
MOITOS ESTAN NESTA PRAZA  
VIVA A XENTE DO MEU POBO  
!E VIVA O ENTROIDO DE LAZA!

Laza, 4 de Marzo do 2003

Na memoria de J. Benito Amado "O Amado",  
por a súa contribución no rexurdir do  
testamento alo por os anos 50.  
Manuel Lorenzo "O Cheto", por a súa  
aportación artística e desinteresada o contido  
do traxe de Peliqueiro.  
Odilo Salgado, para algúns "O Lilo", para  
todos "O Paleante", estandarte e cabeza visible  
do espírito do Entroido, do cal, como case  
todos neste pobo, adoptou un estilo de vida.

*Ti es un milagre da terra  
E a terra e un milagre teu,  
Mestura de mel e fera  
De fera e de anxo do ceo.*

*Pariches de pé o fillo  
Como fan no monte as bestas,  
E hoxe que eu volto vencido  
Pra que eu venza ti te deitas.*

*E ó voltar que che ei dicir,  
Maldito o día e a hora  
En que vos deixei aquí  
Pra percurar vida fora.*

*O inverno de emigración  
Roubounos a primavera  
Quen eu era xa non son  
E ti non es a que eras.*

*Xa poden os leiros dar  
Colleitas ben abondosas  
Poden en Madrid falar  
Con palabras ben fermosas  
Que nunca, nunca nos han pagar  
A nosa fame de outrora.  
(Fuxan os Ventos)*